

PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICAS



I.E.S. MARTAGUISELA

(CURSO 2022-2023)

O BARCO DE VALDEORRAS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E PROFESORADO DO DEPARTAMENTO.....	Páx. 5
2. COMPETENCIAS CLAVE.....	Páx. 6
2.1. Introducción	
2.2. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais	
3. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.....	Páx. 9
3.1. Obxectivos xerais	
3.2. Obxectivos da área de Matemáticas	
4. METODOLOXÍA NA ESO E MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS	Páx.11
4.1. Criterios metodolóxicos	
4.2. Materiais e recursos a utilizar	
5. SEGUNDO DE ESO	Páx.13
5.1. OBXECTIVOS	
5.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE , GRAO CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE	
5.3. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	
5.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
5.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
5.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
5.7. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	
5.8. ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	
5.9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR	
5.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE	
6. CUARTO DE ESO. MATEMÁTICAS ORIENT. ÁS ENS. ACADÉMICAS	Páx. 42
6.1. OBXECTIVOS	
6.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE	
6.3. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	
6.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
6.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
6.7. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	
6.8. ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	

6.9.AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR	
6.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE	
7. CUARTO DE ESO. MATEMÁTICAS ORIENT. ÁS ENS. APLICADAS	Páx. 73
7.1.OBXECTIVOS	
7.2.VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE	
7.3.SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	
7.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
7.5.CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
7.6.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
7.7.PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	
7.8.ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	
7.9.AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR	
7.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE	
8.BACHARELATO PRESENCIAL.....	Páx. 107
8.1.METODOLOXÍA	
8.1.1.Criterios metodolóxicos	
8.1.2.Materiais e Recursos a utilizar	
8.2.OBXECTIVOS XERAIS	
9.SEGUNDO DE BACHARELATO MATEMÁTICAS-II :	Páx. 110
9.1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS	
9.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.	
9.3.SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	
9.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
9.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
9.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
9.7. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	
9.8. ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	
9.9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR	
9.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE	
10.SEGUNDO DE BACHARELATO MATEMÁTICAS APLICADAS-II	Páx. 136
10.1.OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS	

10.2.VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE	
10.3.SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS	
10.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
10.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
10.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
10.7. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	
10.8. ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	
10.9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR	
10.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE	
11. MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.....	Páx. 160
11.1 INTRODUCCIÓN	
11.2.VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE .	
11.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
11.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
11.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
11.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	
11.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE	
12.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	Páx. 169
13.ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	Páx. 169
14.CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	Páx. 171
15.CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO TIC.....	Páx. 171
16.CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	Páx. 171
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	Páx. 172
18. LIBROS DE TEXTO.....	Páx. 172
19.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	Páx. 172
ANEXO I : AVALIACIÓN DO PROFESOR.....	Páx. 173
ANEXO II : METODOLOXÍA ADAPTADA AO SUPOSTO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL DURANTE UN PERÍODO DE TEMPO DO PRESENTE CURSO ACADÉMICO:.....	Páx. 174
ANEXO III : CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ADAPTADOS AO SUPOSTO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL DURANTE UN PERÍODO DE TEMPO DO PRESENTE CURSO:.....	Páx. 175

1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Esta programación, está elaborada de acordo coa seguinte lexislación:

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

CONTEXTUALIZACIÓN

A comarca de Valdeorras está situada no extremo nororiental da Provincia de Ourense e está formada por nove municipios: O Barco de Valdeorras, Carballeda, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín.

A situación económica da zona, baseada fundamentalmente na industria da lousa, atraeu unha considerable poboación inmigrante, o que fai que tanto o noso centro como os da bisbarra reciban alumnado de diferentes nacionalidades, sobre todo de Portugal e Latinoamérica. Outra das bases da súa economía é a produción de viño de alta calidade (coas variedades autóctonas de godello e mencia acollidos á denominación de orixe Valdeorras). A meirande parte da súa produción está comercializada a través de cooperativas e pequenas adegas. Tamén debemos mencionar o cultivo da castaña e a explotación de xacementos de calcarias, e toda a actividade económica que isto xera na comarca.

O IES Martaguisela, situado na localidade de O Barco de Valdeorras, recolle alumnado da propia localidade e de distintos pobos das proximidades. A nivel intelectual, podémonos encontrar con alumnado de todo tipo, polo que debemos ter sempre presente o carácter de diversificación que promove a lei educativa.

O centro está dotado dunha biblioteca para os alumnos, na que se poden encontrar libros de Historia das Matemáticas, libros de literatura matemática ou matemática lúdica.

No curso 2010 -2011 o centro converteuse nun centro ABALAR, empezando co programa en 1º ESO e ampliándose no curso 2011-2012 a 2º de ESO. Dende o noso ámbito, isto é importante xa que dispoñemos nas aulas das novas tecnoloxías e Internet, para mellorar e consolidar a comprensión dos contidos.

O centro ofértalle ó alumnado a posibilidade de cursar as matemáticas de 4º ESO así como as matemáticas I de 1º de bacharelato e as matemáticas II de 2º de bacharelato en Inglés, no marco dunha sección bilingüe, encargándose de impartilas o profesor deste departamento, Manuel Barreiro Abeijón. Durante este curso, hai grupo de 4º ESO Matemáticas I e Matemáticas II.

Neste departamento traballamos en dous obxectivos fundamentais:

- Proporcionar aos alumnos unha madurez intelectual e un conxunto de coñecementos e ferramentas que lle permitan moverse con seguridade e con responsabilidade no entorno social.
- Garantir unha adecuada preparación para que podan acceder a estudos superiores e do mesmo modo se podan desenvolver de forma crítica na vida.

PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Durante o presente curso, o departamento de matemáticas estará composto polos seguintes profesores que impartirán as seguintes materias nos seguintes grupos:

Distribución de horas do Departamento de Matemáticas Curso 2022-2023		
PROFESOR	GRUPOS	Nº

		HORAS
Manuel Barreiro Abeijón	1 grupo 4º ESO Mat. Académicas Bilingüe	16+3
	1 grupo 1º Bach. Mat. I Bilingüe	
	1 grupo 1º Bach. Mat. Aplic. I	
	1 grupo 2º Bach Mat II Bilingüe	
	3 h de Tics	
Mª Pilar Paradelo Meléndez (Xefa de Departamento)	1 grupo 4º ESO Mat. Académicas	16+3
	1 grupo 1º Bach. Mat. I	
	1 grupo 2º Bach. Mat. II	
	1 grupo 2º Bach. Mat. Aplicadas II	
	3 h de Dpto.	
Marcos Pumar Losada	1 grupo 2º ESO	19
	2 grupos 3º ESO	
	1 grupo 4º ESO Mat. Aplicadas	
	1 grupo 2º Bach. MEN	
Ana Suárez Gamarra	2 grupos 1º ESO	17
	1 grupo 2º ESO	
	1 grupo 3º ESO	
Jose Carlos Rodríguez Sánchez	1 grupo 1º ESO	17
	1 grupo 2º ESO	
	1 grupo 3º ESO de Diversificación	

2. COMPETENCIAS CLAVE

2.1.- INTRODUCCIÓN:

Para os efectos do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño*, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

Comunicación lingüística (**CCL**).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**).

Competencia dixital (**CD**).

Aprender a aprender (**CAA**).

Competencias sociais e cívicas (**CSC**).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**).

Conciencia e expresións culturais (**CCEC**).

2.2.- RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS:

Dado que as Matemáticas ó longo da ESO figuran como materia obrigatoria nos catro cursos, e como opción en Bacharelato, con elas pretendemos que o alumnado desenvolva as seguintes competencias clave dentro dos aprendizaxes avaliáveis da materia do seguinte xeito:

2.2.1. Competencia en comunicación lingüística.

Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atento ao interlocutor

2.2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía.

Adquiera habilidades para seguir determinados procesos de pensamento (indución, dedución...) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos de lóxica, o que conduce a identificar a validez dos razoamentos e a valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.

- Resolución de problemas.

Empregue as diferentes linguaxes matemáticas (numérica, estatística, alxébrica...) na medida que lle sexa útil para describir e representar as cuestións formuladas e as súas solucións.

- Pensamento lóxico

Utilice as formas do pensamento lóxico para formular e comprobar conxecturas, realizar deducións e relacionar diversas informacións relativas á vida cotiá e tamén á resolución de problemas.

- Adestramento mental

Conquira un adestramento mental que lle permita comprender ideas e expresalas rigorosamente, así como adquirir unha maior claridade e precisión na linguaxe.

- Ciencia integradora

Valore as matemáticas coma unha ciencia integradora non só científica e tecnolóxicamente senón tamén nos aspectos sociais, estéticos, laborais, etc.

- Coñecementos prácticos

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

2.2.3. Competencia dixital.

Dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecementos.

Traballaremos os seguintes descritores:

- Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías..
- Actualizar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

2.2.4. Aprender a aprender.

Capacidade de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Traballaremos os seguintes descritores:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

2.2.5. Competencias sociais e cívicas.

Capacidade para comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

Traballaremos os seguintes descritores:

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

2.2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir erros.

Traballaremos os seguintes descritores:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non atopan.

2.2.7. Conciencia e expresións culturais.

Coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Capacidade de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes, e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO**3.1.- OBXECTIVOS XERAIS:**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos

- coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS:

As finalidades básicas que deben cumprir as matemáticas na formación do alumnado o longo da E.S.O. consisten no desenrolo da capacidade intelectual e a adquisición dos coñecementos matemáticos básicos que demanda a sociedade, na que se deben inserir e actuar con espírito crítico e madurez, e que lle servirán ó mesmo tempo como instrumento normalizador dos coñecementos doutras materias.

A ensinanza das matemáticas nesta etapa contribuirá a que o alumnado desenvolva as capacidades implícitas nos seguintes obxectivos:

- Fortalecer a capacidade de razoamento, valorando a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para modificar o punto de vista, a precisión na linguaxe, a xustificación dos razoamentos, a perseveranza na procura de solucións ou a necesidade da súa verificación.
- Coñecer e aplicar con soltura e adecuadamente as distintas linguaxes matemáticas, co fin de comunicarse de forma clara, concisa, precisa e rigorosa.
- Utilizar procedementos de medida, técnicas de recollida e análise de datos, empregar a clase de número e a notación máis adecuada para representalos e realizar o cálculo máis apropiado a cada situación..
- Utilizar con soltura e sentido crítico os distintos recursos tecnolóxicos (calculadora,

programas informáticos) de forma que supoñan unha axuda na aprendizaxe e nas aplicacións instrumentais das matemáticas.

- Formular e resolver problemas matemáticos, individualmente ou en grupo, empregando distintos recursos e instrumentos, valorando a conveniencia das estratexias utilizadas en función da análise dos resultados obtidos e mostrando unha actitude positiva e confianza na propia capacidade.
- Aplica-los coñecementos xeométricos para comprender e analiza-lo mundo físico que nos rodea.
- Emprega-los métodos e procedementos estatísticos e probabilistas para obter conclusións a partir de datos recollidos no mundo da información.
- Integrar os coñecementos matemáticos na bagaxe cultural propia, en conxunción cos saberes que se van adquirindo desde as distintas áreas e aplicarlos para analizar e valorar fenómenos sociais como a diversidade cultural, o respecto ao medio ambiente, a saúde, o consumo, a igualdade de xénero ou a convivencia pacífica.
- Desenvolver técnicas e métodos relacionados cos hábitos de traballo, con curiosidade e interese para investigar e resolver problemas, mostrando responsabilidade e colaboración no traballo en equipo.
- Valorar as matemáticas como parte integrante da nosa cultura desde un punto de vista histórico, apreciando a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade actual.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

4.1.- CRITERIOS METODOLÓXICOS:

É o propio alumno o protagonista da súa aprendizaxe, e polo tanto é fundamentalmente a través do seu traballo como aprenderá, o que implica que ha de ser especialmente activo:

1.- Nas clases: prestando atención e tomando notas das explicacións, conclusión e ideas máis importantes; formulando tódalas dúbidas que teña; participando nos debates, discusións e postas en común con toda a clase ou cos compañeiros e compañeiras do seu grupo.

2.- Na súa propia casa: estudando, revisando e reelaborando cando sexa preciso o seu caderno de traballo; realizando na forma indicada as tarefas de estudo e os traballos propostos; analizando os erros cometidos, tratando de atopar-las súas causas e a mellor maneira de superalas.

O papel do profesor consiste basicamente en orientar ó alumno e guialo na súa aprendizaxe: organizando os contidos, as actividades e o seu desenrolo, orientándoo na realización das tarefas e proporcionándolle as axudas máis convenientes.

Deben considerarse os seguintes tipos de actuacións no transcurso dunha clase ou no desenvolvemento dunha unidade didáctica:

- a) Exposición por parte do profesor.
- b) Traballo individual: os alumnos resollen determinadas tarefas e o profesor observa e analiza os procesos que se seguen e os erros que aparecen.
- c) Discusión en pequenos grupos.
- d) Discusión do conxunto da clase, na que o profesor adopta o papel de moderador e os

alumnos fan unha posta en común das conclusións ás que foron chegando.

- e) Algunhas tarefas serán realizadas polos alumnos en casa para seren discutidas na clase seguinte. Nalgúns casos, o profesor recollerá as solucións dos alumnos para poder ser analizadas máis detidamente.

Ó comezo dunha unidade didáctica, o profesor fará unha introdución ó tema, que servirá ós alumnos para situarse ante o seu estudo. As primeiras actividades que se programen han de perseguir dous obxectivos: proporcionar ós alumnos e alumnas unha visión xeral de aquilo que se vai estudar e servir ó profesor para comproba-lo nivel inicial dos seus alumnos, os coñecementos previos que teñen e, sobre todo, cando se trate de profundar nun tema xa estudado, observa-los principais erros conceptuais que se manteñen.

As actividades de ensino-aprendizaxe proporanse por separado ou agrupados en bloques en función dos contidos a aprender. Os alumnos, individualmente ou en pequenos grupos, os resolven e anotan no seu caderno tanto a solución que acadaron coma os procesos e estratexias que seguiron para chegar á mesma. Durante este tempo o profesor observará as distintas solucións que van saíndo na clase e as distintas formas de resolver os problemas que seguen os alumnos e alumnas co obxecto de poder dirixir mellor a discusión posterior das actividades.

4.2.- MATERIAIS E RECURSOS A UTILIZAR:

Libro de texto do alumnado.

Caderno de traballo no que quedará reflectida toda a actividade que realiza, tanto na clase coma na súa propia casa. Ademais do caderno, será necesario que o alumnado dispoña de calculadora científica e material de debuxo: regra graduada, escuadra, compás e transportador.

Para favorecer a aprendizaxe dos alumnos e alumnas, especialmente de aqueles con dificultades de comprensión, o profesor utilizará material manipulativo: corpos xeométricos e figuras planas, útiles de medida, cubos de madeira e plástico, espellos, dados, fichas, táboas de números aleatorios,...

Encerado dixital e os ordenadores persoais do proxecto EDIXGAL e ABALAR para os alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO respectivamente . O feito de estar estes alumnos nunha aula con estes proxectos permítenos utilizar recursos de matemáticas adaptados a cada contido publicados en internet, así como a base de datos de recursos educativos do proxecto abalar, recursos dixitais do propio libro de texto, dado que está editado en edición dixital ...

Calculadora e recursos dixitais cando o profesor o considere necesario.

PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS:

5.- SEGUNDO DE ESO :

Este curso segue no **programa EDIXGAL**.

5.1.-OBXECTIVOS:

A ensinanza das matemáticas nesta etapa contribuirá a que o alumnado desenvolva as capacidades implícitas nos seguintes obxectivos xerais:

1. Incorporar á linguaxe habitual os modos de argumentación e as formas de expresión Matemática (numérica, alxébrica, xeométrica, gráfica, probabilística, etc.), tanto nas situacións que se suscitan na vida cotiá como nas procedentes dos ámbitos matemático ou científico, co obxecto de mellorar a comunicación e promover a reflexión sobre as propias actuacións.
2. Cuantificar aqueles aspectos da realidade que permitan interpretala mellor: utilizar procedementos de medida, técnicas de recollida e análise de datos, empregar a clase de número e a notación máis adecuada para representalos e realizar o cálculo máis apropiado a cada situación.
4. Manexar con soltura as operacións combinadas con números enteiros, fraccionarios, decimais.. así como as potencias con expoñente natural.
3. Estudar as relacións de proporcionalidade e os porcentaxes, traballando a resolución de problemas.
4. Identificar os elementos matemáticos (datos estatísticos, xeométricos, gráficos, cálculos, etc.) presentes nos medios de comunicación, internet, publicidade ou outras fontes de información; analizar criticamente as funcións que desempeñan estes elementos matemáticos e valorar se a súa achega mellora a comprensión das mensaxes.
5. Formular conxecturas e comprobalas, na realización de pequenas investigacións.
6. Fortalecer a capacidade de razoamento, actuando ante os problemas que se suscitan na vida cotiá de acordo con modos propios da actividade matemática, tales como a exploración sistemática de alternativas, o preguntas ante as apreciacións intuitivas, a flexibilidade para modificar o punto de vista, a precisión na linguaxe, a xustificación dos razoamentos, a perseveranza na procura de solucións ou a necesidade da súa verificación.
7. Organizar e relacionar informacións diversas de cara á consecución dun obxectivo ou á resolución dun problema, xa sexa do ámbito das Matemáticas ou da vida cotiá.
8. Formular e resolver problemas matemáticos ou procedentes doutras ámbitos, individualmente ou en grupo, empregando distintos recursos e instrumentos, valorando a conveniencia das estratexias utilizadas en función da análise dos resultados obtidos e mostrando unha actitude positiva e confianza na propia capacidade.
9. Recoñecer a realidade como diversa e susceptible de ser interpretada dende distintos puntos de vista e analizada segundo diversos criterios e graos de profundidade.

11. Identificar os corpos xeométricos, analizando as súas propiedades e as súas relacións xeométricas. Utilizar métodos de experimentación manipulativa e gráfica como medio de investigación en xeometría.

12. Utilizar de forma adecuada os distintos medios tecnolóxicos (calculadoras, ordenadores, etc.) para realizar cálculos numéricos ou alxébricos, comprobar propiedades xeométricas, buscar, tratar, representar e transmitir informacións de índole diversa e como axuda na aprendizaxe.

13. Actuar nas actividades matemáticas de acordo con modos propios de matemáticos, como a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar de punto de vista, a perseveranza na busca de solucións, o recurso á particularización, a sistematización, etc.

14. Integrar os coñecementos matemáticos na bagaxe cultural propia, en conxunción cos saberes que se van adquirindo desde as distintas áreas e aplicarlos para analizar e valorar fenómenos sociais como a diversidade cultural, o respecto ao ambiente, a saúde, o consumo, a igualdade de xénero ou a convivencia pacífica.

15. Valorar as matemáticas como parte integrante da nosa cultura desde un punto de vista histórico, apreciando a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade actual.

5.2.-VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, E COMPETENCIAS CLAVE.

OBSERVACIÓNS :

1.- O BLOQUE 1 "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fio condutor da materia.

A súa avaliación quedará incluída dentro do resto dos bloques.

Matemáticas. 2º de ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresa adecuadamente o proceso seguido para resolver un problema. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ▪ Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza e comprende os enunciados dos problemas e exercicios. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o enunciado dos problemas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexiona sobre os resultados obtidos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Busca outras formas de resolución e compara as solucións obtidas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

Matemáticas. 2º de ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
			problemas.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ▪ Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. ▪ Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica leis matemáticas en situacións da vida cotiá. ▪ Utiliza as leis matemáticas que coñece para facer predicións. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisa as operacións feitas, analizando a validez das solucións obtidas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA

Matemáticas. 2º de ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
	procura doutras formas de resolución, etc.		<p>procurando outras formas de resolución.</p> <ul style="list-style-type: none"> Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<p>Formula e resolve problemas parecidos a un resolto, para adquirir maior destreza no método de resolución empregado.</p>		<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b f h 	<ul style="list-style-type: none"> Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). 	<ul style="list-style-type: none"> Expón o método de resolución seguido, dando argumentos válidos e utilizando unha linguaxe axeitada. 		<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b c 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos 	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de 	<ul style="list-style-type: none"> Aplica as matemáticas a contextos concretos. 		<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CD

Matemáticas. 2º de ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g 	<p>da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</p>	<p>(numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.</p>	<p>conter problemas de interese.</p>			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona os contidos matemáticos co mundo real. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Busca formas de resolución matemática para un problema da vida cotiá. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona a solución obtida co contexto do problema. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Predice as posibles solucións que pode obter. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

Matemáticas. 2º de ESO

Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competen cias clave
			adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexiona, e ten en conta outras opinións. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ l ▪ m ▪ n ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mostra actitudes positivas no traballo coas matemáticas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mostra motivación na resolución de problemas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue entre problemas e exercicios. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA

Matemáticas. 2º de ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
			axeitada para cada caso.			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pregunta, mostra interese e curiosidade polos contidos dados. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colabora e traballa ben en equipo. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CD ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Para resolver problemas, toma decisións cando un procedemento non lle permite chegar á solución. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Confianza nas propias capacidades para 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexionar sobre as decisións tomadas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexiona sobre os problemas resoltos e os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexiona sobre os problemas xa 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas. 2º de ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
g	desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	aprender diso para situacións similares futuras.	procesos desenvolvidos, valorando a potencia e sinxeleza das ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	resoltos.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
b e f g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. ▪ Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. ▪ Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza ferramentas tecnolóxicas axeitadas para realizar cálculos numéricos e estatísticos. ▪ Utiliza os medios tecnolóxicos para traballar con funcións e gráficas de funcións. ▪ Utiliza os medios tecnolóxicos para interpretar funcións como solución de 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD

Matemáticas. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
	documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.		mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	problemas.		
			<ul style="list-style-type: none"> Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza os medios tecnolóxicos para traballar a xeometría. 		<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CD
			<ul style="list-style-type: none"> Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza as tecnoloxías para o traballo con gráficos e táboas estatísticas. 		<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CD CSIEE CCEC
b) **Avaliación formativa:** estará presente durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe que será tanto mais útil na medida que sirva para mellorar dito proceso. A avaliación permitirá axusta-la axuda pedagóxica segundo información que se vai producindo. Para isto realizarase unha observación sistemática deste proceso, para poder detectar cando se producen obstáculos, que causas os provocan e que correccións será necesario introducir.

c) **Avaliación sumativa:** servirá para coñecer si se obtivo ou non o grado de aprendizaxe sinalado e cal é o nivel de aprendizaxe que se produciu para tomar como punto de partida para unha nova intervención.

10.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN REFERENTES A ACTITUDES XERAIS:

Estes criterios refírense a actitudes xerais en toda a actividade académica e, polo tanto, nesta área:

- Atender e tomar nota cando se explica, ter unha disposición favorable a intervir en actividades de participación; procurar non distraerse nin distraer ós demais compañeiros e compañeiras; realizar os traballos de clase con interese e sen perda de tempo.
- Cumprir os prazos previstos e presentar os traballos de forma axeitada.
- Ser puntual na entrada de clase e abordar con prontitude as tarefas que se lle encomenden.
- Traer e utilizar de maneira axeitada tódolos materiais necesarios para a clase.
- Manter unha actitude respectuosa cos compañeiros e compañeiras, o profesorado e demais persoal do centro e facer uso correcto das instalacións do mesmo.

B.- CRITERIOS XERAIS SOBRE HÁBITOS DE TRABALLO :

- Presentación clara e ordenada dos traballos escritos.
- Precisión na linguaxe oral e escrita.
- Utilizar estratexias sinxelas de resolución de problemas.
- Participación constante nas actividades grupais e individuais propostas.

10.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Exames: En cada avaliación faranse dous exames como mínimo. Para obter a nota de exame de cada avaliación, terase en conta o seguinte:

- m) Se un alumno suspende algún exame con nota **menor que 4**, recuperarase no último exame da avaliación, facendo un exame no que se inclúe esa materia.
- n) Se a nota dalgún exame **é maior ou igual que 4**, o alumno pode escoller presentarse a subir nota, nesa parte, no último exame. Nese caso a nota primeira non será tida en conta para o cálculo da nota da avaliación, en ningún caso.
- o) A nota final dos exames, desa avaliación, calcularase:
 - Facendo a media aritmética das notas de cada parte, sempre que en cada parte

teña un **3 como mínimo**.

- Será a nota do último exame, se este era global de toda a avaliación.

A **cualificación final de cada avaliación** obtense a través dunha media ponderada, tendo en conta as seguintes porcentaxes, aplicadas a cada un dos instrumentos de avaliación establecidos anteriormente:

Instrumentos de avaliación	Puntuación
Observacións e traballos feitos na clase	0 %-20 %
Traballos feitos na casa	0 %-20 %
Probas e exames	80 %-100%

10.7. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN

- Despois de cada unha das dúas primeiras avaliacións, farase un exame de recuperación para aqueles alumnos que non superaran a avaliación correspondente con anterioridade. Os alumnos que teñen aprobada a avaliación, pódense presentar a este exame para subir nota. O profesor modificará a nota desa avaliación só no caso de que mellore a nota.
- Ó final do curso farase un exame final, nos seguintes casos:
 - a) Un exame de toda a materia para aqueles alumnos que teñan suspensas, ata ese intre, dúas ou tres avaliacións.
 - b) Un exame da avaliación suspensa, para os que teñan suspensa **só unha** avaliación.
- **Cálculo da nota final da materia :**
 - a) Quen teña aprobadas as tres avaliacións antes do exame final : Media aritmética das cualificacións reais (sen redondear) das tres avaliacións.
 - b) Para quen faga o exame final: mesmo criterio (se se examina solo dunha avaliación), tendo en conta ademais do exame os criterios aplicados ó resto dos instrumentos.
- Quen non aprobe na avaliación ordinaria de maio realizará unha proba escrita de toda a materia, na convocatoria extraordinaria de xuño, que versará sobre os contidos mínimos do curso. A cualificación da convocatoria extraordinaria de xuño coincidirá coa nota dese exame. Considerarase aprobada si se obtén un 5 ou máis.

10.8. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Para facilitar ao alumnado a superación da materia pendente acordamos:

- O xefe de departamento informará, ó comezo do curso, por escrito os alumnos con matemáticas aplicadas I pendentes, dos contidos que lle entran en exame, e dos exames que terán durante o curso para recuperar a materia. Tamén lles facilitará aos alumnos boletíns de exercicios para repasar toda a materia.
- No mes de xaneiro terán un exame da materia pendente . Se aproba ese exame a materia considérase aprobada e será cualificado na convocatoria ordinaria do mes de maio.
- Se suspende o exame de xaneiro: No mes de maio terán un exame da materia pendente.
- Se suspende na convocatoria ordinaria do mes de maio, terá un exame na convocatoria extraordinaria de xuño.
- Todos estes exames serán sobre os contidos mínimos do curso.

10.9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Ao inicio de cada bloque de contidos, os profesores efectuaremos unha avaliación inicial, co fin de detectar o nivel de coñecementos tanto individual como do grupo, os erros e ideas previas que teñen os alumnos e, á vista dos resultados, adaptar as actividades de ensinanza aprendizaxe ás características do grupo.

Os procedementos a utilizar nesta avaliación serán preguntas e cuestións orais ou ben exercicios escritos específicos.

10.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

Un dos aspectos fundamentais é o tratamento da diversidade, que pretende dar resposta a todo o alumnado en función das súas capacidades, para o que trazamos o seguinte plan de traballo :

- Os contidos novos que se van a ensinar deben conectar cos coñecementos previos do alumnado e estar adecuados ó seu nivel cognitivo.
- Propoñer ó alumnado actividades variadas, de ampliación ou reforzo segundo o caso.
- Facer as oportunas adaptacións curriculares individualizadas se fose necesario. E colaborar co profesorado do departamento de orientación, se fose necesario, no seguimento deste alumnado.
- En canto ó **alumnado inmigrante**, polo que respecta a súa competencia lingüística, adoptaremos as medidas adecuadas a cada caso concreto, tendo en conta o que determine a dirección do centro e o departamento de orientación a tal efecto.

11.- MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

11.1. INTRODUCCIÓN

As matemáticas proporcionan ferramentas para a creación de modelos no estudo de diferentes fenómenos. En ocasións é posible definir relacións funcionais entre as magnitudes implicadas, obténdose modelos deterministas, pero moitos fenómenos son tan complexos no seu comportamento e interveñen neles tantas magnitudes que precisan modelos estocásticos para un mellor estudo. Faise necesario, xa que logo, complementar a formación científica xeral que o alumnado de bacharelato alcanza a partir doutras materias cunha educación neste pensamento estatístico e probabilístico.

A materia de Métodos Estadísticos e Numéricos contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións adecuadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade, poñen en xogo distintas formas de pensamento. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de aprender a aprender, ao desenvolver a capacidade de abstraer e simplificar; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, á medida que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso,

servir de apoio á resolución do problema, a comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros. Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego de diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, a comprobación e a aceptación ou o rexeitamento de hipóteses, o deseño, o emprego e o contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais onde os conceptos e os métodos estatísticos e numéricos empregados amosan tanto a súa potencia como a súa relevancia.

Os contidos de estatística e probabilidade seleccionados para estes métodos estatísticos e numéricos apóianse nos estudados na educación secundaria obrigatoria e nas Matemáticas do bacharelato, ampliándoos e proporcionando bases para modelar e resolver unha gama máis ampla de problemas.

Os contidos están estruturados en tres bloques: "Mostraxe", "Estatística inferencial" e "Probabilidade condicionada". O coñecemento dos contidos que se propoñen e dalgunhas das múltiples aplicacións que a estatística ten no mundo biolóxico, físico, económico, histórico, xeográfico, social ou político proporcionálles aos/ás estudantes as bases para abordar estudos posteriores. Así mesmo, cos coñecementos adquiridos a través desta materia pódense analizar diversas situacións cotiás ou as informacións que, revestidas dun formalismo estatístico, aparecen nos medios, contribuíndo á formación dos alumnos e das alumnas como cidadáns e cidadás con autonomía e criterio propio, e achegándoos/as ás técnicas necesarias para alcanzar un coñecemento máis profundo da complexidade do mundo.

11.2.-VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN, E COMPETENCIAS CLAVE.

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competen cias clave
1ª AVALIACIÓN						
Bloque 1. Azar e Probabilidade						
i 1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Variacións e permutacións. ▪ Combinacións. ▪ Factoriais e números combinatorios. 	Distinguir entre variacións, permutacións e combinacións. Calcular factoriais e números combinatorios.	Distingue entre variacións, permutacións e combinacións, en casos sinxelos. Calcula factoriais e números combinatorios.	Distingue entre variacións, permutacións e combinacións, en casos sinxelos. Calcula factoriais e números combinatorios.	PE OU	CMCCT CCL CSC CAA
i 1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sucesos. Operacións con sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace. ▪ Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. ▪ Regra do produto. Regra das probabilidades 	Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos.	Calcula probabilidades en experimentos simples e compostos. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.	Calcula probabilidades en experimentos simples e compostos. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.	PE OU	CMCCT CCL CD CSC CSIEE CCEC CAA

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
	totais. Regra de Bayes.					
2ª AVALIACIÓN						
Bloque 2. Distribucións de probabilidade						
h i l m	<ul style="list-style-type: none"> Variables aleatorias discretas. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades. Variables aleatorias continuas. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal. Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da distribución binomial pola normal. 	Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de diferentes sucesos asociados.	<p>Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial e normal, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e desviación típica.</p> <p>Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial e a unha normal, a partir da súa función de probabilidade, da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.</p> <p>Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación</p>	<ul style="list-style-type: none"> Manexa a distribución binomial e normal, e o cálculo dos seus parámetros. Calcula probabilidades asociadas a distribución binomial. Calcula probabilidades de sucesos mediante a distribución normal. Calcula probabilidades de sucesos nunha distribución binomial mediante a súa aproximación pola normal. 	PE OU	CMCCT CCL CD CAA

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competen cias clave
			pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.			
3ª AVALIACIÓN						
Bloque 3. Mostraxe. Estatística inferencial						
i e f g h d l m n ñ o p	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. ▪ Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións. 	Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuados, e analizar de forma crítica e argumentada informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións .Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de	<p>Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.</p> <p>Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes.</p>	Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes.	PE OU	CMCCT CCL CSIEE CSC CCEC CAA
			Analiza de forma crítica e	Valora de maneira	PE	CMCCT

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Avaliación	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Poboación e mostra. ▪ Mostraxe: tipos. ▪ Parámetros poboacionais e estatísticos dunha mostra. ▪ Distribucións dunha mostra. ▪ Estimación puntual e por intervalos. 	<p>enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.</p> <p>Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados.</p>	<p>argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes.</p>	<p>crítica o uso das enquisas e outras informacións estatísticas que aparecen nos medios de comunicación.</p>	OU	CAA CSIEE

**Instrumentos de avaliación: PE (Proba escrita), TO (Táboa de observación), LC (Lista de cotexo), C (Caderno), OU (Outros).*

SECUENCIACIÓN

AVALIACIÓN	CONTIDOS	
PRIMEIRA	Bloque 1. Azar e Probabilidade	1.- Combinatoria. 2.- Sucesos: Tipos e operacións. Sucesos compatibles e incompatibles. 3.- Probabilidade: 3.1.- Concepto de Probabilidade 3.2.- Asignación de probabilidades. Regra de Laplace. 3.3.- Propiedades da probabilidade 3.4.- Experimentos compostos 3.5.- Probabilidade condicionada: Regra do produto 3.6.- Regra das probabilidades totais 3.7.- Independencia de sucesos: Regra especial do produto 3.8.- As leis de Morgan e o cálculo de probabilidades 3.9.- Probabilidades a posteriori : Fórmula de Bayes
SEGUNDA	Bloque 2: Distribucións de probabilidade	4.- Distribucións de probabilidade: 4.1.- Variable aleatoria 4.2.- Variable aleatoria discreta : Distribución Binomial. 4.3.- Variable aleatoria continua : Distribución Normal. 4.4.- Aproximación da Binomial pola Normal. Corrección por continuidade de Yates
TERCEIRA	Bloque 3: Mostraxe. Estatística inferencial	5.- Poboación e mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra. Mostraxe. Parámetros dunha poboación. Estatísticos obtidos a partir dunha mostra. Distribución da media mostral dunha poboación. 6.- Concepto de estimador. 7.- Distribución da proporción mostral no caso de mostras grandes.

11.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de avaliación continua:

Os instrumentos de avaliación constitúen o medio a través do cal se recolle a información coa que se pretende determina-lo que saben os alumnos e alumnas e como o aprenderon.

Os instrumentos da avaliación deben se-lo suficientemente variados:

a) Observacións na clase

b) Caderno de clase: é a principal ferramenta de traballo do alumno. A súa importancia no proceso do ensino-aprendizaxe fai imprescindible un seguimento periódico do mesmo.

c) Realización e entrega de exercicios e problemas.

d) Utilización, entrega e exposición de traballos.

A análise dos traballos e problemas, relativos ós dous apartados anteriores, proporcionaranos información sobre a aprendizaxe de determinados conceptos e procedementos; tamén permitirá obter información sobre aspectos de tipo actitudinal: interese polo tema, presentación, cumprimento de prazo de entrega; se se realiza en grupo: colaboración, participación nos debates...

e) Probas e exames: as probas e exames proporcionan información sobre a aprendizaxe de contidos de tipo conceptual ou sobre determinados procedementos e hábitos. Poderase realizar unha proba ó final de cada tema ou de cada bloque. Despois de cada proba é importante que os alumnos e alumnas avalíen os seus resultados, analizando os erros, deficiencias e causas.

Perda do dereito a avaliación continua:

A non asistencia regular á clase pode implicar a perda do dereito á avaliación continua, e do dereito de asistencia á clase, se un alumno supera o número de faltas de asistencia sen xustificar que figuren no Regulamento de Réxime Interno do centro. Eses alumnos terán dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso. Dita proba versará sobre os contidos de todo o curso.

A cualificación da materia será a nota dese exame.

PLANIFICACIÓN DA AVALIACIÓN :

Na avaliación distinguimos tres fases:

a) **Avaliación inicial**: seleccionaranse sempre as primeiras actividades de cada unidade didáctica para que sirvan, por unha parte, para proporcionar ós alumnos e alumnas unha visión xeral do tema obxecto de estudo e, por outra, para que o profesor poida detectar os seus coñecementos e a súa situación inicial de aprendizaxe con respecto ó tema que se aborde.

b) **Avaliación formativa**: estará presente durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe que será tanto mais útil na medida que sirva para mellorar dito proceso. A avaliación permitirá axusta-la axuda pedagóxica segundo información que se vai producindo. Para isto realizarase unha observación sistemática deste proceso, para poder detectar cando se producen obstáculos, que causas os provocan e que correccións será necesario introducir.

c) **Avaliación sumativa**: servirá para coñecer si se obtivo ou non o grado de aprendizaxe sinalado e cal é o nivel de aprendizaxe que se produciu para tomar como punto de partida para unha nova intervención.

11.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN REFERENTES A ACTITUDES XERAIS:

Estes criterios refírense a actitudes xerais en toda a actividade académica e, polo tanto, nesta área:

- Atender e tomar nota cando se explica, ter unha disposición favorable a intervir en actividades de participación; procurar non distraerse nin distraer ós demais compañeiros e compañeiras; realizar os traballos de clase con interese e sen perda de tempo.
- Cumprir os prazos previstos e presentar os traballos de forma axeitada.
- Ser puntual na entrada de clase e abordar con prontitude as tarefas que se lle encomenden.
- Traer e utilizar de maneira axeitada tódolos materiais necesarios para a clase.
- Manter unha actitude respectuosa cos compañeiros e compañeiras, o profesorado e demais persoal do centro e facer uso correcto das instalacións do mesmo.

B.- CRITERIOS XERAIS SOBRE HÁBITOS DE TRABALLO :

- Presentación clara e ordenada dos traballos escritos.
- Precisión na linguaxe oral e escrita.
- Utilizar estratexias sinxelas de resolución de problemas.
- Participación constante nas actividades grupais e individuais propostas.

11.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

- **Exames:** En cada avaliación farase polo menos, un exame.
- A **cualificación dunha avaliación** obtense a través dos instrumentos de avaliación establecidos anteriormente:

Instrumentos de avaliación	Puntuación
Traballos	0 % - 20 %
Probas e exames	80 % - 100 %

- **Cálculo da nota final da materia :**
 - a) Quen teña aprobadas as tres avaliacións antes do exame final : Media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
 - b) Para quen faga o exame final: mesmo criterio (se se examina solo dunha avaliación), tendo en conta ademais do exame os criterios aplicados ó resto dos instrumentos.

11.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E MELLORA

- Despois de cada unha das avaliacións, farase un exame de recuperación para aqueles alumnos que non superaran a avaliación correspondente con anterioridade.
Os alumnos que teñen aprobada a avaliación, pódense presentar a este exame para subir nota. O profesor modificará a nota desa avaliación só no caso de que mellore a nota.
- Ó final do curso farase un exame final, nos seguintes casos:
 - a) Un exame de toda a materia para aqueles alumnos que teñan suspensas, ata ese intre, dúas ou tres avaliacións.
 - b) Un exame da avaliación suspensa, para os que teñan suspensa **só unha** avaliación.
- Quen non aprobe na avaliación ordinaria de maio realizará unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de xuño que versará sobre os contidos mínimos do curso. A cualificación da convocatoria extraordinaria de xuño coincidirá coa nota dese exame.

11.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

Un dos aspectos fundamentais é o tratamento da diversidade, que pretende dar resposta a todo o alumnado en función das súas capacidades, para o que trazamos o seguinte plan de traballo :

- Os contidos novos que se van a ensinar deben conectar cos coñecementos previos do alumnado e estar adecuados ó seu nivel cognitivo.
- Propoñer ó alumnado actividades variadas, de ampliación ou reforzo segundo o caso.
- Facer as oportunas adaptacións curriculares individualizadas se fose necesario. E colaborar co profesorado do departamento de orientación, se fose necesario, no seguimento deste alumnado.
- En canto ó **alumnado inmigrante**, polo que respecta a súa competencia lingüística, adoptaremos as medidas adecuadas a cada caso concreto, tendo en conta o que determine a dirección do centro e o departamento de orientación a tal efecto.

12.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos				
Motivo aos alumnos explicándolles a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe				
Cando comezamos un bloque novo os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En Matemáticas, os contextos dos exercicios, problemas e outras actividades deben estar referidos os contidos transversais, entendendo por transversais aqueles contidos que, sen estar definidos en ningunha das outras áreas, deben estar presentes na aula de forma permanente.

Na área de Matemáticas incidiremos nos seguintes temas transversais:

13.1. EDUCACIÓN PARA O CONSUMO.

Obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e efectos

individuais e sociais de consumo.

- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor.
- Crear unha conciencia crítica ante o consumo.

13.2. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e a forma de previlas e curalas.
- Desenvolver hábitos de saúde.

13.3. EDUCACIÓN PARA OS DEREITOS HUMANOS E A PAZ

Obxectivos:

Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas.

- Preferir a solución dialogada de conflitos.

13.4. EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS

Obxectivos:

- Desenvolver a autoestima e percepción do propio corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir os sexistas.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

13.5. EDUCACIÓN AMBIENTAL

Obxectivos:

- Comprender os principais problemas ambientais.
- Adquirir responsabilidade ante o medio natural.

13.6. EDUCACIÓN MULTICULTURAL

Obxectivos:

- Espertar o interese por coñecer culturas diferentes da propia.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con outras culturas

13.7. EDUCACIÓN VIARIA

Obxectivos:

- Espertar a sensibilidade ante os accidentes de tráfico.
- Adquirir condutas e hábitos de seguridade viaria.

13.8. EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

Obxectivos:

- Respectar a autonomía dos demais.
- Dialogar como forma de solucionar diferenzas.

13.9. EDUCACIÓN SEXUAL

Obxectivos:

- Adquirir información suficiente e científica de todos os aspectos relativos á sexualidade.
- Consolidar actitudes de naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade.

13.10. EDUCACIÓN PARA EUROPA

Obxectivos:

- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc. Aplicando os contidos da materia

- Desenvolver a conciencia de identidade europea.

14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Accións encamiñadas á contribución do proxecto lector do centro:

- Actividades de lectura comprensiva nos enunciados verbais dos problemas, sabendo analizar de forma crítica, e sintetizar a información relevante para a busca da solución dese problema, analizando ó mesmo tempo a coherencia da solución ou solución atopadas.
- Lectura crítica e análise da información que nos proporcionan as imaxes: Gráficas de función e gráficos estatísticos. Neste punto pódese utilizar recortes de prensa.
- Actividades de lectura de noticias de prensa, para analizar de xeito crítico a falta de rigor no uso das cantidades numéricas .

15. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO TIC

- Emprego do encerado dixital cando sexa posible, para a realización de exercicios ou exposición de traballos.
- Emprego dos ordenadores portátiles do alumnado , en 1º e 2º de ESO, para a realización de actividades on line.
- Realización de actividades a través da aula virtual.
- Emprego da calculadora científica.
- Emprego dos ordenadores da aula de informática, para calcular e facer representacións gráficas con Excel.
- Emprego do programa Geogebra, para representacións gráficas, Distribucións de probabilidade, problemas con representacións xeométricas ...

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende o departamento de matemáticas queremos contribuír ó plan de convivencia do centro a través das seguintes accións::

- Crear un clima na aula favorable ó proceso de ensino-aprendizaxe e que evite as condutas que alteren o ritmo da clase, buscando a participación activa dos alumnos, fomentando o respecto cara o profesor e os seus compañeiros.
- Promover actitudes tolerantes cara toda a comunidade educativa valorando a tarefa que realiza cada persoa.

- Promover actitudes que non discriminen por ningún motivo.
- Utilizar o traballo en grupo para compartir ideas e dificultades cos demais, respectando as opinións dos demais e buscando acordos en beneficio do grupo.
- Fomentar a participación activa na vida do centro, a solidariedade, o compañeirismo, o bo trato e o saber desculparse.
- Participar na resolución pacífica de conflitos, a mediación e o recoñecemento das propias faltas por parte do alumnado.

17.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES :

ACTIVIDADE	CURSOS
Canguro matemático	TODOS
Olimpiada matemática	2º ESO
Rally matemático	TODOS
Informatízate	ESO
Olimpiada informática	ESO

18.- LIBROS DE TEXTO :

Durante o curso 2022-2023 utilizaremos os seguintes libros de texto:

CURSO	TÍTULO	EDITORIAL	AUTORES	ISBN
2º E.S.O.	Libro dixital do proxecto EDIXGAL			
4º E.S.O.	Matemáticas orientadas ás ensinanzas ACADÉMICAS	Anaya Ed. Dixital	J. Colera e outros	978-84-698-1069-9
	Matemáticas orientadas ás ensinanzas ACADÉMICAS (Bilingüe)			
4º E.S.O.	Matemáticas orientadas ás ensinanzas APLICADAS	Anaya Ed. Dixital	J. Colera e outros	978-84-698-1072-9
2º BACH.	Matemáticas II	Anaya	J. Colera e outros	978-84-667-8310-1
	Matemáticas Aplicadas II	Santillana	VV.AA	978-84-141-0202-2

19. MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PROTOCOLO DO DEPARTAMENTO:

1.- Reunión mensual do departamento didáctico para abordar os puntos seguintes dos que quedará constancia na acta de seminario:

- Análise da marcha do proxecto didáctico (contidos traballados ata ese momento en cada curso e grupo, atraso ou non na secuenciación dos mesmos segundo o recollido na programación, motivos do atraso no caso de existir este...etc)
- Análise dos resultados despois de cada avaliación (rexistro dos resultados de aprobados

e suspensos, medidas a tomar para mellorar os resultados (de ser necesarias), modificacións á programación que se establecen para mellorar os resultados (de ser necesarias)....etc.

2.- Reunión extraordinaria do departamento didáctico ao finalizar o curso (xuño):

- Análise global do proxecto didáctico.
- Análise dos resultados finais.
- Modificacións introducidas no proxecto didáctico ao longo do curso e motivos das mesmas.
- Propostas de mellora para o curso seguinte.

Ademais, ó final do curso, para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración(1 representa o mínimo e 4 o máximo):

Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación	1	2	3	4	5
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.					
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.					
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.					
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa					
Medidas de atención á diversidade: fixéronse ACs no caso de estar autorizada.					
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada.					
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado.					
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados.					
Hai información de abonda ao alumnado de estándares imprescindibles e criterios de cualificación.					
Análise dos resultados das avaliacións.					
Coordinación entre os membros do departamento.					
Tratamento preciso dos temas transversais.					
Actividades extraescolares e complementarias.					

ANEXO I

AVALIACIÓN DO PROFESOR

Ao finalizar o curso, cada profesor do Departamento, se o considera oportuno, pode pasar aos seus alumnos, algún tipo de enquisa para valorar a súa práctica docente. A continuación, figura un modelo de enquisa que se pode utilizar:

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.

	SI	NON	REGULAR
A explicación didáctica foi comprensible			
As actividades realizadas foron axeitadas			
Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación			
Os contidos foron interesantes			
As axudas e apoios recibidos foron oportunos e suficientes			
Mostra esmero e interese nas súas intervencións			
Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións			
Relaciónase ben cos grupos e alumnos			
Ofrece confianza ao alumnado nas relacións persoais			

Completa esta enquisa engadindo:

- 1.- Se atopaches dificultades para asimilar algún concepto; sinala cales.
- 2.- Aspectos que consideres de interese e non foron recollidos.

ANEXO II :

Ainda que a situación ao comezo deste curso 2022 – 2023 é de absoluta normalidade no referenta á pandemia ocasionada polo Covid-19, na programación do Dpto. recolleamos a metodoloxía a seguir se a situación empeorase, como se fixo durante o curso pasado, onde se demostrou que estas actuacións funcionaban bastante ben.

METODOLOXÍA ADAPTADA AO SUPOSTO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL DURANTE UN PERÍODO DE TEMPO DO PRESENTE CURSO ACADÉMICO:

Tendo en conta as *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se adoptaron no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*, se durante un período de tempo do presente curso académico, co motivo da pandemia ocasionada polo Covid-19 as autoridades sanitarias xunto coa Consellería de educación, decretan a suspensión das actividades lectivas presenciais, este departamento, deixa previsto para ese suposto a seguinte **metodoloxía a utilizar**, mentres dure esa situación e non se retorne á ensinanza presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a Consellería de Educación.

Non contemplamos unha ensinanza semipresencial, dado que a formación de grupos, e a correspondente asignación de aulas, que se fixo no IES Martaguisela, permite a ensinanza presencial, mantendo as distancias recomendadas, sempre que a situación sanitaria o permita.

1º.: Actuacións previas:

- A.-** Ó comezo do presente curso cada profesor de matemáticas creará o correspondente curso , para cada grupo e materia, na aula virtual do I.E.S. Martaguisela e asegurarse, o mais pronto posible, de que o seu alumnado acede e coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.
- B.-** Ó mesmo tempo, e para garantir o dereito a educación de todo o alumnado, cada profesor terá que identificar ao seu alumnado que por algún motivo non poida seguir a ensinanza telemática, e, nese caso, acordará con cada alumno ou alumna, e co equipo directivo e departamento de orientación do centro , se fose necesario, o método a seguir, de ser o caso.

2º.: Metodoloxía non presencial, no caso de suspensión das actividades presenciais para todo o alumnado ou para conxunto da aula:

A.- Co alumnado que dispón de ordenador e conectividade:

Usamos a aula virtual do centro na que creamos un curso para cada grupo, ou a do proxecto EDIXGAL para 1º, 2º e 3º de ESO.

Planificarémolle o traballo, tendo en conta o nº de horas da materia, e a dificultade engadida de traballar deste xeito, subindo ó seu curso: Apuntes, vídeos teóricos ou prácticos, exercicios resoltos, exercicios propostos, solucións ós exercicios propostos, e unha tarefa resume para entregar dentro dun prazo prudencial. Corrixirémolle a tarefa na aula virtual e subiremos a resolución da mesma, para que poidan corrixir os seus fallos. Atenderemos as dúbidas no foro de dúbidas da aula virtual.

De ser posible, faremos periodicamente, dentro do horario de clase videoconferencias, para explicar conceptos e aclarar dúbidas de interese xeral.

B.- Co alumnado que non dispón de ordenador ou non ten conectividade : Usamos o correo electrónico deles ou de seus pais e nais, para enviar e recibir o material, correo ordinario ou calquera outro medio que determine o departamento de orientación ou o equipo directivo do centro.

3º.: Metodoloxía non presencial co alumnado que parcialmente estea en situación de illamento cando NON exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula:

De ter os medios necesarios na aula , retransmitiráselle a clase por videoconferencia, e en calquera caso terá o material necesario (Apuntes, vídeos, actividades a realizar, entrega de actividades e corrección das mesmas, foro de dúbidas...), no seu correspondente curso da aula virtual, para que non se vexa interrompido o seu proceso formativo.

Se é un alumno ou alumna sen conectividade usaremos os medios do apartado B anterior.

3º.: Materiais e recursos:

Materiais:	Recursos:
Libro de texto ou libro dixital en 1º, 2º e 3º ESO (Plataforma EDIXGAL)	Plataforma EDIXGAL 1º, 2º e 3º ESO
Apuntes do profesor.	Aula virtual I.E.S. Martaguisela
Caderno do alumnado	Videoconferencias (Cisco Webex, preferentemente, ou a que determine a Consellería de Educación)
Ordenador	Vídeos de matemáticas
Teléfono móbil	

ANEXO III :

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ADAPTADOS AO SUPOSTO DE ENSEÑANZA NON PRESENCIAL DURANTE UN PERÍODO DE TEMPO DO PRESENTE CURSO

ACADÉMICO:

Seguindo tamén as *INSTRUCCIÓNS do 30 de xullo 2020*, se a situación sanitaria nos levase a unha nova suspensión das clases presenciais, cousa afortunadamente moi pouco probable dada a evolución actual da Covid-19 e tendo en conta os seguintes factores:

- a) Momento do curso no que se suspendan as clases presenciais.
- b) Se a materia que se teña impartida o se imparta non presencial, só se pode ter en conta para subir nota, coma no curso pasado, ou non.
- c) Se durante o tempo que se imparte o ensino non presencial, se poden facer exames presenciais ou non.
- d) Se se retorna ás clases presenciais obrigatorias (ou voluntarias) antes do remate do curso.
- e) Se se poden facer exames finais de recuperación no mes de xuño ou non.

Este departamento presentará a correspondente modificación dos criterios de cualificación adaptados a cada situación concreta que se dea durante o presente curso académico, sempre seguindo as instrucións que determine a Consellería de Educación a tal efecto.

En calquera caso, se a interrupción das clases presenciais e por un período curto de tempo, alumnado que parcialmente estea en situación de illamento cando NON exista suspensión da actividade presencial, puntuaráselle as actividades que entregue durante ese período atendendo ós criterios contemplados na presente programación de cada curso para o ensino presencial, e de coincidirlle exames durante ese período, terá dereito a realizar os mesmos exames que o resto do grupo, cando se reincorpora ó ensino presencial.

O Barco de Valdeorras a 30 de setembro de 2022

O profesorado do departamento :

Asdo.: Manuel Barreiro Abeijón

Asdo.: M^a Pilar Paradelo Meléndez

Asdo.: Marcos Pumar Losada

Asdo.: Ana Suárez Gamarra

Asdo.: Jose Carlos Rodríguez Sánchez